

## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA E VIGO E A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, DIVULGACIÓN E INVESTIGACIÓN

**(1)** A Escola Galega da Administración Pública –pertencente á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza- é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de formación ao persoal empregado público.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos, segundo o artigo 3.1 h) da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, o establecemento de convenios e a celebración de intercambios con organismos semellantes das Administracións Públicas, a nivel estatal e internacional.

**(2) Antecedentes:** Que a EGAP é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins.

Que a Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo a súa máxima difusión.

Que a Universidade de Santiago de Compostela é unha institución de Dereito Público, dotada de personalidade xurídica que desenvolve as súas actividades en réxime de autonomía e que ten como unha das súas misións fundamentais o apoio científico e técnico ó desenvolvemento cultural, social e económico, xa sexa nacional ou internacional, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.

Que a Universidade de A Coruña é unha institución de Dereito Público, dotada de personalidade xurídica que desenvolve as súas actividades en réxime de autonomía e que ten como unha das súas misións fundamentais o apoio científico e técnico ao desenvolvemento cultural, social e económico, xa sexa nacional ou internacional, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.

Que a Universidade de Vigo é unha institución de Dereito Público, dotada de personalidade xurídica que desenvolve as súas actividades en réxime de autonomía e que ten como unha das súas misións fundamentais o apoio científico e técnico ó desenvolvemento cultural, social e económico, xa sexa nacional ou internacional, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.

**(3) Finalidade** Para os efectos sinalados, formalizarase coas Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura por tódalas partes ata o 31 de decembro do 2018.

**(4)** O Convenio terá por obxecto a organización, o desenvolvemento e a realización pola EGAP dos cursos que figuran como anexo no convenio, e que teñen como destinatario ao persoal de administración e servizos das Universidades.

**(5)** O instrumento convencional que se asinou fundamentouse nos seguintes compromisos asumidos por ambas as partes:

a) Participar economicamente na cobertura dos gastos derivados dos cursos de verán convocados ao abeiro do convenio.



b) Poñer a disposición as súas instalacións, os seus medios telemáticos e os seus medios persoais e materiais.

c) Abrir as convocatorias dos cursos de verán derivados do convenio ao persoal das restantes partes asinantes,.

d) Difundir as actividades formativas das partes asinantes facilitando o desenvolvemento dos cursos a través dos medios telemáticos ou mediante a utilización das aulas da súa titularidade.

e) Colaborar na difusión dos premios de investigación convocados polas partes asinantes.

f) Intercambiar información relativa ao seu persoal aos únicos efectos de facilitar a selección para a participación daquel nas accións formativas derivadas do convenio.

Pola súa parte a EGAP adquiriu os seguintes compromisos:

a) Costear as accións formativas que se deriven do convenio.

b) Reservar para o persoal de administración e servizos das Universidades un 10% do total de prazas ofertadas dentro do portal de idiomas e do plan formativo ofimático que prevea o seu plan de formación anual.

c) Dar acceso ao devandito persoal ao programa de autoformación incluído no seu plan de formación anual.

Finalmente, as Universidades adquiriron os seguintes compromisos:

a) Recoñecer para o alumnado os créditos ECTS correspondentes en función da duración das xornadas ou cursos, conforme o que establece o seu regulamento.

b) Organizar os cursos de verán que se deriven deste convenio.

(6) O orzamento deste convenio ascende á cantidade de 52.822,40 € e finánciase con cargo á aplicación 05.80.122B.226.17 da EGAP.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta norma para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinada electrónicamente en Santiago de Compostela

O secretario Xeral da EGAP,  
Sergio Domingo Baamonde Boquete

